

## COMUNICADO DA MAREA FEMINISTA EN RELACIÓN Á CAMPAÑA “O MAIS GRANDE DE GALICIA NON SE MALTRATA” DA XUNTA DE GALICIA POLO 25 DE NOVEMBRO

“*O máis grande de Galicia non se maltrata*” é o lema da campaña institucional da Xunta de Galicia co gallo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

Na campaña, presentada pola Secretaria Xeral de Igualdade, Susana López Abella, presentase ás mulleres galegas como “xigantes” que se sobrepoñen a tódalas adversidades. Así, comparadas cos principais monumentos das catro provincias galegas, tres mulleres de diferentes idades protagonizan a campaña.

Desde a **Marea Feminista (En Marea)** non podemos deixar pasar esta oportunidade de denunciar cómo a Xunta segue sen entender o que significa realmente a violencia machista, sacando campañas coma esta que nada teñen que ver coas nosas reivindicacións.

Esta campaña da Xunta non aborda nin as causas da violencia machista, nin o machismo, nin as posibles solucións, nin medidas concretas no ámbito da prevención, a educación, etc. esenciais para rematar con este tipo de violencia ... sinxelamente amosa unha exacerbada cosificación das mulleres, así como un paternalismo patriarcal do máis rancio:

Dáse unha visión patriarcal das mulleres comparándoas cuns monumentos, cun patrimonio material que hai que protexer, como se as mulleres fosemos cousas ou obxectos sen máis.

“*Tes que protexer á túa avó, nai e irmá porque son o máis grande que temos*”: con esta actitude proteccionista e paternalista, desde a Xunta recoñecese o problema pero non se fai nada por buscarlle ou aportar solucións.

Desde a Marea Feminista pensamos que é unha campaña superficial que evita, intencionadamente, abordar a raíz da violencia machista entre outros motivos porque a campaña parte dun goberno que non toma en consideración e descoñece os argumentos feministas, as verdadeiras causas da violencia machista, a importancia da educación, a formación e a sensibilización, etc. e é incapaz, polo tanto de aportar solucións cun mínimo de sentido e proxección de futuro, polo que non fai nada por combater o machismo dun xeito eficiente e continuado, non inviste en medidas de prevención, non pon tódolos recursos e servizos existentes para rematar co terrorismo machista, etc.

Parécenos **lamentable e vergoñenta** esta campaña, entre outros argumentos, polos seguintes:

As mulleres non somos cousas e non pertencemos a ninguén. Non queremos que nos protexan por ser mulleres, queremos que se garantan os nosos dereitos, así non fará falta que “se nos protexa”. Non queremos ser as máis grandes, queremos ser tratadas igual.

Nesta campaña da Xunta bótase en falta falar das causas da violencia machista (machismo, patriarcado...), da igualdade e a equidade, dos dereitos das mulleres como tal, das solucións (aplicar a Lei Integral e dotala de máis medios e recursos, medidas concretas, promover a prevención, a formación do persoal que intervén neste tipo de casos), etc.

É unha mágoa que a Xunta desaproveite así oportunidades para informar e sensibilizar á sociedade en xeral sobre a violencia machista.

Por todo o exposto, desde a Marea Feminista emprazamos á Xunta de Galicia a rebrandearse o sentido desta campaña, a escoitar ás organizacións, asociacións feministas... e deixarse aconsellar para levar adiante unha campaña acorde á temática, sen paternalismos nin proteccionismos, contando coas maiorías sociais para facer políticas efectivas, non propaganda.

Desde a Marea Feminista solicitamos a retirada desta campaña da Xunta tal e como está brandeada ao entender que non reflicte nin chega nada positivo, ao contrario, desvaloriza a posición das mulleres na sociedade.